

## SIPAT: SERVICIOS INTEGRADOS PARA ASOCIACIONES DE TRANSPORTE

### Datos xerais do proxecto

- Data de inicio: Xaneiro de 2011
- Data prevista de finalización: Xuño de 2012
- Participantes:
  - Asetranspo (*Asociación Provincial de Empresarios de Transporte Discrecional de Mercancías de Pontevedra*)
  - Lambda Calidad y Tecnología, S.L.
  - Opensoft Sistemas Informáticos, S.L.

### Descrición xeral do proxecto

O obxectivo principal do presente proxecto resúmese en dispor dun sistema que permita a os socios de Asetranspo custodiar e tratar os datos dos tacómetros dixitais, e que poidan coñecer a estrutura real de custes da súa empresa, como base para poder incrementar a rendibilidade e competitividade da mesma, para evitar o “dumping” nos prezos, e contribuír a o crecemento ordenado do sector.

A necesidade deste proxecto vén dada pola situación pola que atravesa actualmente o sector de Transporte de Mercadorías, no que o descoñecemento da estrutura de custos provoca que as empresas operen con tarifas inferiores ao seu valore real do mercado. A escasa capacidade de investimento destas empresas para unha mellor estruturación e control dos seus custos, leva consigo a que a axuda externa sexa fundamental para remediar esta situación, ofrecéndose por parte de Asetranspo aos seus socios un servizo co mínimo custo posible para maximizar os beneficios obtidos.

*Asetranspo* pode ofrecer esta adaptación para os asociados creando, mantendo e actualizando os custes estándar dos tipos de vehículo/servizo dos seus socios, o que suporá una simplificación importantísima que sen dubida vai a contribuír a o éxito do proxecto. Tódolos datos estarán centralizados na mesma aplicación, facilitando así a súa xestión a Asetranspo e asociados.

Para lograr o seu propósito, Asetranspo debe prover os seus socios unha ferramenta TIC con capacidade para:

- Almacenar e custodiar durante a lo menos 4 anos as lecturas dos tacógrafos dixitais, cumprindo as esixencias da lexislación a o respecto. Descargando os datos das lecturas

*Proxecto cofinanciado*



**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

dende o PC do socio sobre o sistema de almacenamento remoto (o socio a de dispor do equipamento axeitado para cargar os datos no PC dende o tacógrafo dixital).

- Interpretar os datos dos tacógrafos almacenados, de xeito que permita avaliar as posibles sancións, e permita tamén coñecer as incidencias e pormenores dos viaxes por empresa, vehículo e condutor.
- Permitir introducir os partes ou albarás dos portes onde se indiquen custes e ventas co gallo de poder calcular a estrutura real dos custes da empresa.
- Permitir xestionar os eventos, avisos, incidencias con respecto a empresa, os vehículos ou os empregados.
- A asociación poderá manter actualizada a información de custes estimados, para que os asociados poidan usalos nos seus cálculos de custes. Así como poder introducir avisos, ou calquera nota que se precise que sexa de interese ou obrigatorio para os asociados.
- Os socios poderán saber en tempo real cal e súa estrutura de custes co gallo de poder ofertar adecuadamente os seus servizos.
- Permitir procesar e emitir Facturas impresas e E-Factura, e exportar estas a os programas de contabilidade mais comúns.
- Manter copias de seguridade dos datos de cada socio de xeito independente durante a lo menos de 90 días, podendo descargar os datos no seu PC local si o desexa.
- Operatividade dende calquera PC conectado a Internet. O funcionamento será sinxelo e claro, de xeito que maximice a usabilidade, e sexa visto polos socios como un claro beneficio para eles.

Para garantir a consecución dos obxectivos do proxecto, a execución deste implica tres diferentes partes, cada unha delas focalizada no seu ámbito de especialización:

- **Lambda Calidad y Tecnología, S.L.**, como consultora especializada na xestión de proxectos TIC, abordando as tarefas de xestión e control de proxecto, definición dos requisitos de sistema a satisfacer pola solución desenvolvida, definición e realización das probas de verificación e validación da solución, e aseguramento da calidade do proxecto.
- **Opensoft Servicios Informáticos, S.L.**, como organización especializada no desenvolvemento de solucións TIC, asumindo as tarefas de participación na definición de requisitos do proxecto, construción da solución software do proxecto, prototipado e posta en marcha da solución para Asetranspo e os seus socios que se encontren interesados na solución TIC.
- **Asetranspo**, como asociación que agrupa os beneficiarios finais do propósito deste proxecto. O seu labor céntrase nas tarefas de apoio para a definición dos requisitos e funcionalidades que debe cubrir a solución final desenvolvida, e posteriormente manter unha estrutura de custos estimados para aqueles asociados que carezan de datos históricos ou reais.

Proxecto cofinanciado



**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

Este documento distribúese baixo licenza [Creative Commons](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/). Algúns dos seus dereitos están reservados.



**Recoñecemento - NonComercial - SenObraDerivada (by-nc-nd):** Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas.

*Proxecto cofinanciado*



**XUNTA DE GALICIA**

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"